

Miradas Diversas

A Coruña

INTERSECCIÓN

Festival de Arte Audiovisual Contemporánea



CONTEMPORARY
AUDIOVISUAL
ART
FESTIVAL



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Fundación
María José Jove



INTERSECCIÓN - Festival de Arte Audiovisual Contemporánea

Miradas Diversas A Coruña

Do 19 de outubro a 2 de novembro de 2021

Coordinación

Gonzalo E. Veloso · Director de INTERSECCIÓN - Festival de Arte Audiovisual Contemporánea

Publicación

INTERSECCIÓN - Festival de Arte Audiovisual Contemporánea

Textos: Belén Montero, Marco Moreira

Revisión: Cillas Rodríguez Bernal

Deseño e maquetación: Marco Moreira

Fotografías: Belén Montero, Marco Moreira

Edita: INTERSECCIÓN - Festival de Arte Audiovisual Contemporánea, A Coruña 2022

<https://interseccion.gal>, INTERSECCIÓN - Festival de Arte Audiovisual Contemporánea

© da edición, INTERSECCIÓN - Festival de Arte Audiovisual Contemporánea

© das imaxes, Belén Montero, Marco Moreira

© dos textos, os seus autores

Número de páxinas: 22

16,5 × 20,0 cm

ISBN electrónico: 978-84-122607-4-8

URL persistente: <https://interseccion.gal/mdiversas/miradasdiversas.pdf>



CONTEMPORARY
AUDIOVISUAL
ART
FESTIVAL



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Miradas Diversas

A Coruña

INTERSECCIÓN

Festival de Arte Audiovisual Contemporánea



MIRADAS DIVERSAS A CORUÑA

O obradoiro inclusivo “Miradas diversas A Coruña”, tivo como actividade central a realización dunha exposición colaborativa de videoarte e unha curtametraxe, na que participaron colectivos de persoas con diversidade funcional (en colaboración con ASPRONAGA - Asociación de Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia), persoas con enfermidade mental (en colaboración con APEM - Asociación Pro Enfermos Mentales De La Coruña) e un grupo de artistas locais (en colaboración con A Colectiva - Asociación Profesional de Artistas de Galicia). O obradoiro organizouse en varias sesións de traballo, coa coordinación global dun profesional experimentado no traballo con persoas con diversidade, a titoría dun artista de vídeo e audio e o apoio de artistas locais, que colaboraron no traballo das persoas con diversidade, compartindo a súa experiencia e permitindo o enriquecemento persoal mutuo.

Os participantes levaron a cabo actividades de planificación, gravación e montaxe da exposición e da curtametraxe, cuxo fío condutor foi o achegamento ao

espazo urbano da cidade da Coruña: a forma en que se habita, se comparte, se vive e como conviven os seus cidadáns. O resultado foi un calidoscopio de vistas sobre a cidade. A exposición tivo lugar despois de rematar o obradoiro en La volátil, o espazo social de AC Albatros, mentres que a curtametraxe foi presentada no festival INTERSECCIÓN, aproveitando así a visibilidade do evento e as súas canles de comunicación.

Ademais do nivel artístico da actividade e do beneficio que proporcionaba directa e individualmente a cada participante en termos de reforzo e confianza no seu potencial creativo, existía tamén unha orientación social subxacente. Partimos da crítica para acadar a integración: cuestionar como se insiren os conceptos de diversidade e dependencia nas complexas relacións económicas, sociais e culturais, para facer propostas cuestionadoras.





DIARIO DE GRAVACIÓN E NOTAS DUNHA PELÍCULA CON MIRADAS DIVERSAS

Belén Montero

Día 1 de gravación

Quedamos na porta de La Volátil, Espazo de intervencións artísticas, en rúa Barrera. Era unha mañá moi soleada e índa que non chegara o verán, facía calor. No corazón de A Coruña xuntouse a ledicia de África, a curiosidade de Martín, o bó facer de Marta, a profesionalidade de Sara, a amizade de Juan Carlos e a lealtade de Ángel configurando o grupo de traballo. Mais cando nos dispoñíamos a partir apareceu Eloy, invidente proactivo, da man de Miriam, a súa guía de APEM . Teño que dicir que non estaba preparada para iso, como facer que alguén que non ve grave o que ten ao seu redor? ... Tería que improvisar.

Achegámonos á Praza San Andrés. no centro, chea de historia. Diante da fonte observamos todo o que nos rodeaba, os distintos sonidos, momentos nos que pasaba a xente, elementos típicos dunha cidade, como os edificios, o asfalto, o chan, as árbores, hábitat da fauna de cidade coma

pombas e pardais, escarapates... todo se reflectía neles. Púxenlles a cámara no trípode e repartín unhas cartas. Cartas con diversos conceptos para gravar en contextos urbanos. Previamente pensamos no que queríamos gravar. Centrámonos nos conceptos básicos coma a composición, a repetición, o movemento, a cor... a cada quen lle tocou un concepto ou varios. Pensando no propio espazo e describíndo de xeito moi preciso esa ubicación concreta comezamos gravar. Eloy tíñao un pouco menos doado que o resto, xa que ademais de non ver os límites do encadre e o que acontece dentro do mesmo polo visor ou pola pantalla, non podía manexar adecuadamente a cámara e tivo que aprender de memoria as opcións que necesitaba da cámara. Nada que supuxera un inconveniente real para el.

Improvisamos entre varias opcións de gravación, a máis adecuada. Guiándonos polo son, distintas opcións como aberturas de plano ou por exemplo pola cor ou os xogos de sombras. Seguidamente, diriximosnos á praza Juan Naya, visualmente contraria á anterior. Alí hai varios espazos moi urbanos, cun toque moderno e funcional, cun parque infantil, pistas, e distintos locais e xardíns... e edificios altos coas fiestras en modo repetición. Unha cousa que íanos vertebrar o vídeo final foi a presenza dos característicos buses urbanos de cor vermella xa que tamén había unha parada de autobús nesa localización. Escoitabamos cerca o son da freada no semáforo, da persona que locuta polo altavoz... foi un elemento recorrente ao longo da gravación. Tamén o foi a cor así como todos os elementos da natureza urbana. A carón do Museo de Belas Artes, no canellón que está ao lado rematamos a mañá gravando elementos típicos da arquitectura, xogos de sombras





e pequenas mostras naturais que agroman ailladas no cemento, elementos dos que non nos decatamos e perdemos de vista nas grandes cidades. E alí despedímonos ate o día seguinte.

Día 2 de gravación

Na porta de La Volátil coñecemos á tímida Débora e a Marta (outra Marta, tamén de APEM) e nos diriximos á praza onde se sitúa a Igrexa de San Nicolás. Cando chegamos decatámonos de que había unha comunión e sobre todo, ambiente de domingo, moi concorrido a esa hora cos bares e terrazas e xente que se dispoñía facer acopio do pan. Escenas cotiás na cidade que películas como “Berlín, sinfonía de una gran ciudad” xa retrataron nos anos 20 do século pasado, cidades vivas. Despois de facer varios planos, incluíndo de novo os escaparates e as reflexións provocadas pola luz, fomos á praza contigua de San Agustín onde nese momento podían verse as obras de acondicionamento arredor do mercado. Como era domingo non puidemos gravar o ruído propio das obras pero si que gravamos elementos propios das obras como maquinaria, valados, pasos sobre os socavóns... a cidade é un ente en contínua transformación. Na praza do Humor fixemos planos de escultura en vulto redondo e traballamos conceptos de sombras e claro oscuros.

Pasando o canellón que vai dar á praza de María Pita, fixemos algunhas gravacións nas escaleiras e na propia praza continuamos coa escultura e demais elementos naturais como as coloridas flores que a engalanan. As pombas e gaivotas que dan o ambiente característico tamén

tratamos de rexistralas aínda que eran moi veloces. Tiñamos un sol de xustiza que facía difícil ver na pantalla e mais enfocar en movemento. Querería incidir na expectación que esperta a natureza na cidade para o alumnado en xeral, e o interese na elección deses elementos como contraste aos edificios ou ás rúas.

De aí dirixímonos ás escaleiras de Porta de Aires, onde seguimos a facer planos de escaleiras, outro elemento que se converteu en característico do vídeo final. Capitán Troncoso e zona portuaria con transatlántico de fondo. E por alí gravamos o carrusel e unha vez máis os autobuses fixeron acto de presenza e nos fixeron de elemento de continuidade nos dous días de gravación. A parada de Porta Real é unha parada principal xa que hai bastantes roteiros que parten ou pasan por alí e se espallan por toda a cidade. O mar pecha a gravación deste domingo. Fíxose equipo.


Notas de montaxe

Unha vez concluída la gravación de imaxe, e coa revisión dos clips de vídeo, xuntamos o material do obradoiro de Marco Moreira dos sons da cidade para acadar unha película integradora. O feito de tratarse de vídeo dixital axudou moitísimo na posproducción xa que houbo que sincronizar e axustar diferentes planos para conseguir un resultado axeitado na película final.









DIARIO DE CAPTACIÓN SONORA NA CIDADE DE A CORUÑA

Marco Moreira

Día 1 de gravación

A reunión estaba prevista en La Volátil, Espazo de intervencións artísticas, alí xuntámonos todos os participantes, presentáronse e deuse unha breve explicación de como se organizaría o obradoiro e como tería lugar.

Coa información dispoñible, saímos á rúa co material preparado, auriculares e gravadoras portátiles de son, e xusto nese momento, decatámonos de que uns nenos xogaban cunha pelota, motivo suficiente para suxerirlle a un dos participantes que comezase gravando os primeiros sons.

Dende alí, por proposta dun dos participantes, fomos ata a fonte que hai na Praza de Santa Catalina, camiño desta praza, gravamos os sons dos obreiros da obra, que facían ruído coas súas ferramentas, martelos e picos, tamén gravamos os autobuses que chegaban a unha das paradas de onde saía xente que facía ruído cos zapatos para camiñar.

Cando chegamos á Praza de Santa Catalina, fomos directos á fonte de Neptuno, onde gravamos os sons da

auga corrente e os sons das pombas que alí se bañaban. Seguimos cara á Praza de Lugo, e cando chegamos gravamos principalmente sons de xente que falaba e camiñaba, onde os distintos tipos de calzado que levaban e a súa forma de camiñar producían diferentes sons.

Dirixímonos cara aos xardíns dos Cantóns, onde algúns dos participantes decidiron gravar os sons das árbores e dos arbustos sacudidos polo vento. Os autobuses que chegaban ata alí e que recollían e deixaban pasaxeiros volveron ser motivo de gravacións. Un pouco máis adiante, ao carón do Quiosco Afonso, uns adolescentes estaban facendo manobras cos seus monopatíns, e novamente graváronse varios sons. Preto do mesmo lugar, nunha das fontes das que a auga dispara ao aire, foi o motivo polo cal un dos participantes decidiu gravar sons co micrófono dun xeito un pouco máis experimental, xogando coas distancias e a proximidade da gravación., quizais facendo o son un pouco máis material e ao mesmo tempo elástico e flexible.

Nese momento algúns dos participantes xa daban sinais de fatiga, polo que decidimos rematar a sesión, e tamén comezar a estas horas a preparar ideas para o día seguinte.

Día 2 de gravación

Volvemos a atoparnos xunto a La Volátil, Espazo de intervencións artísticas. Por elección dos participantes decidimos ir cara á praia do Orzán, para gravar os sons dos movementos das bandeiras e das ondas da praia. Aproveitamos o camiño e fixemos algunhas paradas nos semáforos que nos permiten chegar a esta praia, rexistráronse sons de xente





que cruzaba a rúa e tamén os sons dos propios semáforos, que permiten saber se se pode ou non cruzar a estrada.

Despois destas experiencias, seguimos e fomos ata o mercado de San Agustín, aquí entramos no supermercado Gadis, pedimos permiso e gravamos sons no interior do propio supermercado, xente recollendo paquetes dos estantes para metelos nos carros da compra, carniceros cortando carne, e empregados nas caixas rexistrando as compras dos clientes. Á saída fomos a un bar situado nas inmediacións do mercado e gravamos o son dos empregados traballando, tomando cafés e levando cuncas e pratos, así como o son da xente que ollaba o xornal.

Dirixímonos cara á praza de María Pita, onde chamou a atención dos participantes o son das campás do Concello da Coruña, que a diario sinala as horas. Tamén lles chamou a atención os sons dos nenos que xogaban alí, e dun grupo de adolescentes que pasaban por esta praza, facendo ruídos coas bolsas de doces e caramelos que levaban.

Pasada a praza de María Pita seguimos cara ao Parque da Mariña, onde se rexistraron de novo os sons dos movementos da auga do mar, así como os que producía o vento ao facer tremer as cordas dos mastros dos barcos alí amarrados. E para rematar este obradoiro, fomos cara a un carrusel que estaba preto en funcionamento, achegámonos e gravamos os sons típicos deste equipo, música e nenos alegres e emocionados.

Así rematamos o obradoiro Miradas Diversas no Xardín da Mariña, descansando nos bancos que ofrece este xardín e falando das vivencias que tivemos.

INTER
SECCIÓN

CONTEMPORARY
AUDIOVISUAL
ART
FESTIVAL



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

